

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL AMES

*Anuncio de contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do servizo de actividades das escolas deportivas do Concello de Ames*

### ANUNCIO DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URXENTE DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE AMES

#### 1.-Entidade adxudicataria.

1. Organismo: Concello de Ames.
2. Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación.

#### 2.-Obxecto do contrato.

- a) Contrato do servizo de actividades (coordinación e monitoraxe) das escolas deportivas do Concello de Ames.
- b) División por lotes e número: non.
- c) Lugar de execución: Concello de Ames.
- d) Prazo de execución: a duración do contrato será inicialmente de dúas tempadas (outubro 2016 - agosto 2017 e outubro 2017 - agosto 2018), podendo prorrogarse por períodos dunha tempada ata un máximo de catro tempadas, incluída duración inicial e prórrogas.

Cada tempada divídese á súa vez en tempada ordinaria (outubro a maio) e tempada de verán (xullo e agosto) para a actividade de natación de verán.

#### 3.-Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: urxente
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: varios criterios de adxudicación.

4.-Orzamento base de licitación: 197.400,00 €. IVE (21%): 41.454,00 €. Total: 238.854,00 €.

5.-Garantía provisional: non se esixe.

#### 6.-Obtención de documentación e información.

- a) Entidade: Concello de Ames.
- b) Domicilio: Praza do Concello, núm. 2. Bertamiráns
- c) Localidade e código postal: Ames (A Coruña) 15220.
- d) Teléfono 981 883002
- e) Telefax 981 884929
- f) Data límite de obtención de documentos e información: ata a data de finalización de presentación de proposicións.

#### 7.-Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

**Presentación de ofertas:** os licitadores poderán presentar as proposicións no rexistro xeral do Concello de Ames, ata as 14.00 horas no prazo de 15 días naturais, que comezarán a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante.

1. Documentación a presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.
2. Lugar de presentación: Rexistro xeral do Concello de Ames.

Concello de Ames

Praza do Concello, núm. 2. Bertamiráns.  
15220 Ames (A Coruña)

3. Admisión de variantes (concurso): non se admiten.

**8.-Apertura das ofertas.**

- Entidade: Concello.
- Domicilio: Praza do Concello, núm. 2 - Bertamiráns.
- Localidade: Ames.
- Data e hora: indicárase cunha antelación mínima de 2 días hábiles no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello.

**9.-Gasto de anuncios.**

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación, de ser o caso, e doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente.

**10.-Portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos:** [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal) (perfil do contratante).

Ames, 4 de agosto de 2016.

A primeira tenente de alcalde

Alcaldesa por delegación (Decreto 1450/2016)

Genma Otero Uhía

2016/6663